

INFORMACIÓN E INSTRUCIÓNS PARA AS PERSOAS PARTICIPANTES NA PROBA SELECTIVA PARA A PROVISIÓN DE DÚAS PRAZAS DE UXIER DO PARLAMENTO DE GALICIA.

Organización dos accesos, chamada e saída

A proba realizarase o sábado 24 de abril, no recinto feiral de Amio, na rúa Amio en Santiago de Compostela.

O recinto abrirase para os vehículos ás 9.00 horas. Poderán aparcarse no aparcadoiro situado no lado norte do recinto.

Contigua ao aparcadoiro estará delimitada unha «zona de espera», que se abrirá ás 9.15 horas e á cal só poderán acceder as persoas aspirantes. Os acompañantes, de habelos, deberán permanecer nos vehículos ou no seu contorno inmediato, sen deambularen polo recinto nin achegárense á zona de espera.

Na zona de espera as persoas participantes permanecerán sempre coa máscara sanitaria e manterán a distancia de seguridade de 1,5 metros, sen formar grupos. Nesta zona estarán colocadas cabinas de aseo individuais. Lémbrese que durante a realización da proba non se permitirá acudir aos aseos, salvo casos excepcionais, a xuízo do tribunal.

Aquelas persoas que, mediante xustificación médica, teñan exceptuado o uso obrigatorio da máscara deberán facer chegar ao Servizo de Persoal e Réxime Interior do Parlamento de Galicia, no prazo dos 3 días inmediatamente anteriores á data de realización, a certificación da citada exención. De non o faceren, non poderán acceder ás zonas de espera e exame sen a máscara. As persoas que xustifiquen debidamente a exención da máscara, segundo o indicado, terán prioridade na chamada e na entrada e saída da sala do exame.

Advírtese que as pantallas non están autorizadas, xa que non cumpren a función das máscaras sanitarias.

Se algunha persoa necesita substituír a máscara por calquera causa que faga perder a súa efectividade e non conta con reposto, poderá solicitarlle unha ás persoas da organización..

As persoas aspirantes agardarán na zona de espera ata que, a partir das 9.45 horas, sexan convocadas por grupos de apelidos comezando pola letra L, para incorporarse a unha fila situada na plataforma elevada, a carón da nave onde se realizará a proba. O acceso a esta fila realizarase exclusivamente por unha rampla situada na fronte da nave, dentro da zona de espera.

Nesta fila as persoas colocaranse, mantendo a distancia de seguridade, nas marcas colocadas no chan e sempre coa máscara posta e atendendo ás instrucións do persoal da organización. Non é preciso que a fila estea ordenada alfabeticamente, xa que se reservará un corredor de circulación ao que se poderán incorporar desde calquera punto da fila no momento de seren chamadas individualmente.

Ás 10.00 horas comezará a chamada individualizada por nome e apelidos, comezando pola letra L do primeiro apelido. As persoas convocadas saíran da fila para incorporarse ao corredor polo que circularán ata o punto de identificación no acceso á sala, mantendo en todo momento a distancia de seguridade de 1,50 metros e levando preparado o DNI, NIE ou pasaporte. Así mesmo, deberán levar bolígrafo azul ou negro de tinta clásica tipo BIC.

Non se permitirá o acceso á sala onde se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro instrumento do cal se poida valer a persoa aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará no recinto ningún servizo de recollida de móbiles ou para depositar obxectos persoais de ningún tipo.

No punto de identificación as persoas aspirantes presentarán calquera dos documentos anteditos e baixarán momentaneamente a máscara para seren identificadas. Antes de accederen á sala, deberán realizar unha desinfección de mans con xel hidroalcohólico nos dispositivos colocados con ese fin.

Entregaráselle a cada persoa aspirante unha etiqueta co número de mesa que deberán ocupar na sala. Ningunha persoa aspirante poderá acceder á sala sen levar consigo a etiqueta de identificación do posto que vai ocupar. Esta etiqueta amosarase ás persoas da organización encargadas de acomodala.

O uso da máscara é obrigatorio para as persoas participantes durante todo o proceso. Se alguén non a leva de xeito correcto, será advertido polos membros do tribunal ou polo persoal de apoio. En caso de reiterados incumprimentos sobre o uso correcto da máscara, o tribunal poderá acordar a expulsión da persoa aspirante. Non se permitirá o uso de luvas por parte das persoas aspirantes, xa que producen unha falsa sensación de seguridade. Cada persoa aspirante atopará na súa mesa unha bolsa cunha máscara FFP2, que poderá substituír a propia ou que se poderá superpor esta para garantir a máxima protección sanitaria. A máscara substituída deberá gardala cos seus obxectos persoais e en ningún caso poderá depositala encima da mesa. Nas saídas haberá contedores para depositar as máscaras usadas.

Durante a realización do exercicio a sala estará permanentemente ventilada, polo que o ambiente será similar ao do exterior, con correntes de aire favorecidas pola amplitude da nave. Recoméndase acudir coa vestimenta adecuada.

Durante a distribución das persoas aspirantes na sala, atenderase en todo momento ás indicacións do persoal da organización. Unha vez acomodadas no seu posto, as persoas non poderán moverse nin formar grupos, aínda que a proba non comezase.

Os obxectos persoais de cada persoa aspirante serán os mínimos imprescindibles e deberán permanecer en todo momento xunto a ela, baixo a súa mesa ou cadeira. Non se poderá compartir material, polo que cada persoa participante na proba debe asegurarse de levar todo o necesario para a súa realización.

Non se permitirá o uso dos aseos una vez iniciado o exame, salvo casos excepcionais. De ser o caso, para facer uso dos aseos, o opositor ou opositora deberá solicitalo a algún membro da organización, que o/a acompañará e velará por que se respecten as ocupacións máximas nos aseos e a separación de 1,5 metros. Esta circunstancia non será considerada para os efectos do cómputo do tempo para realizar a proba.

As persoas aspirantes que desexen abandonar a sala antes do tempo establecido para o desenvolvemento do exercicio e sempre que se faga nos períodos determinados polo tribunal, deberán solicitalo a man alzada e esperar a que algunha persoa da organización lles recolla o exame e as asista para a saída da sala.

Ao remate do tempo de realización da proba, as persoas participantes manteranse nos seus postos ata que o tribunal autorice a saída, momento no cal abandonarán a sala ordenadamente.

de xeito gradual por filas e pola porta que se lles indique, seguindo as instrucións das persoas da organización, sen provocar aglomeracións e mantendo sempre a distancia de seguridade entre as persoas.

Nas portas de saída haberá dispensadores de xel hidroalcohólico para a desinfección de mans e contedores para as máscaras usadas.

Unha vez fóra da sala, no exterior as persoas deberán dirixirse directamente ao vehículo, e abandonar o recinto, mantendo en todo momento as condicións de distanciamento e sen formar grupos.